



PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 16 Cooperación

Submedida 16.3

Cooperación entre pequenos operadores para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento / a comercialización do turismo



Índice

1.	<u>Medida 16. Cooperación</u>	3
1.1.	<u>Submedida 16.3 Cooperación entre pequenos operadores para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento / a comercialización do turismo</u>	4
1.1.1.	<u>Que tipo de actuacións se financian?</u>	4
1.1.2.	<u>Quen pode solicitar esta axuda?</u>	4
1.1.3.	<u>Como se outorga a axuda?</u>	4
1.1.4.	<u>Que tipo de gastos se financian?</u>	4
1.1.5.	<u>Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	5
1.1.6.	<u>Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	5
1.1.7.	<u>A canto ascende esta axuda?</u>	5
1.1.8.	<u>Quen xestiona esta axuda?</u>	5
1.1.9.	<u>Marco normativo</u>	6
1.1.10.	<u>Documentos e ligazóns relacionados</u>	6



1. Medida 16. Cooperación

Para este período 2014-2020 a Unión Europea aposta pola innovación nos proxectos, produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías que afectan ao sector agrario, forestal e agroalimentario. É por iso, que no Programa de Desenvolvemento Rural se trata a cooperación como un elemento transversal e se orienta principalmente á innovación. A medida de cooperación componse dun conxunto de 7 axudas que fomentan o traballo en conxunto co fin de incluír melloras nos sectores agrario, forestal e agroalimentario galegos.

Dado que a cooperación se entende como unha medida transversal ao conxunto de actuacións recollidas no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, fórmulanse dúas liñas de traballo, por unha banda, as axudas referidas ao desenvolvemento de proxectos piloto e novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agrícola, forestal e cadea alimentaria. E polo outro, as axudas destinadas a fomentar a cooperación como eixo condutor do cumprimento das prioridades de desenvolvemento rural.

Para iso, articúlanse as seguintes submedidas:

- ✓ Submedida 16.1 Apoio para a creación e o funcionamento de grupos operativos da EIP en materia de produtividade e sustentabilidade agrícolas
 - Operación 16.1.1: Axudas á creación de grupos operativos da AEI
 - Operación 16.1.2: Axuda para a execución de proxectos dos grupos operativos da AEI
- ✓ Submedida 16.2 Axudas para proxectos piloto e desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías
- ✓ Submedida 16.3 Cooperación entre pequenos operadores para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento / a comercialización do turismo
- ✓ Submedida 16.4 Apoio para a cooperación horizontal e vertical entre os axentes da cadea de subministración para a creación e o desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais e para actividades de promoción nun contexto local relacionado co desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais
- ✓ Submedida 16.5 Apoio para accións conxuntas realizadas con vistas á mitigación ou a adaptación ao cambio climático e para enfoques conxuntos con respecto a proxectos medioambientais e prácticas medioambientais en curso
- ✓ Submedida 16.8 Apoio para a elaboración de plans de xestión forestal ou instrumentos equivalentes



1.1. Submedida 16.3 Cooperación entre pequenos operadores para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento / a comercialización do turismo

A submedida fomenta a coordinación entre pequenos operadores económicos das áreas rurais para permitirles adquirir en común unha escala económica da que carecen individualmente. A iniciativa non se limita a un marco territorial concreto, senón que se abre á participación de axentes dos distintos territorios rurais de Galicia, coa condición da vinculación a microempresas e a orientación comercial do proxecto. No caso do desenvolvemento turístico, a actividade apoiada deberá ser coherente coa planificación turística da Comunidade autónoma de Galicia.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

Apoiaranse actuacións de promoción e comercialización conxunta de produtos e servizos turísticos entre dous ou máis operadores do sector. En particular fomentaranse accións de colaboración entre establecementos turísticos de aloxamento e restauración con establecementos de servizos turísticos complementarios que realicen actividades vinculadas ao turismo de lecer e tempo libre (combinación aloxamento e turismo de aventura, enoloxía e rutas turísticas, turismo gastronómico, de saúde, de natureza,...).

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarios os colectivos de microempresas do sector turístico de Galicia cun mínimo de 2 socios, situadas no ámbito rural de Galicia, constituídas baixo calquera fórmula xurídica admisible, que se asocian por primeira vez co obxecto de practicar de forma efectiva a colaboración na súa actividade comercial ou inician unha nova actividade.

1.1.3. Como se outorga a axuda?

Trátase dunha subvención convocada en réxime de concorrência competitiva.

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Poderán subvencionarse os custos de investimento directamente vinculados á cooperación. En particular poderán ser elixibles, entre outros, os gastos deseño e creación de produtos

turísticos, folletos, paquetes turísticos e gastos en promoción, publicidade e difusión das actividades.

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

O apoio a través desta medida límitase ás colaboracións entre dúas ou máis empresas do sector turístico que teñan a condición de microempresa, estean legalmente constituídas e localizadas no ámbito rural de Galicia.

Para o desenvolvemento desta medida defínese como microempresa a aquela que ocupa menos de 10 traballadores e o seu volume de negocio anual ou balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento da convocatoria sexa superior á demanda de financiamento. Definíranse os criterios de selección con anterioridade ao comezo do proceso de solicitude para garantir a igualdade de todos os posibles solicitantes. Asignarase a cada criterio unha puntuación e a puntuación total será a suma de puntos de todos os criterios. Os criterios establecidos poderán referirse a:

- ✓ Orientación produtiva
- ✓ Número de microempresas participantes
- ✓ Creación e mantemento de emprego
- ✓ Fomento da actividade laboral de mulleres ou novas
- ✓ Situación territorial dos axentes asociados

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

A axuda poderá ser de ata o 70% dos custos subvencionables cun máximo de 30.000€.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Axencia Turismo de Galicia pertencente á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP
- ✓ Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento (UE) N° 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE ás axudas de minimis (DOUE L 352, de 24/12/2013)
- ✓ Regulamento Delegado (UE) N° 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Axencia Turismo de Galicia
http://www.turismo.gal/canle-institucional/turismo-de-galicia/a-axencia?langId=gl_ES
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.13.3.4 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020